N/REF: JBD/jpm

ASUNTO: Informe do proxecto de Anteproxecto de Lei para a igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia.

Por escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, do 18 de novembro do 2022, remítese solicitude de informe sobre o anteproxecto de Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Achégase coa dita solicitude o borrador do devandito proxecto de lei, e o resto da documentación exixida pola Lei 16/2010.

En relación có dito anteproxecto de lei, a solicitude da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e de conformidade co disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico, esta dirección xeral emite o seguinte

INFORME

I- A Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discrminiación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 recolle a obriga que corresponde aos poderes públicos de "promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do invididuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removes os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participació de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social". O artigo 27.3 establece as competencias excluivas da Comunidade Autónoma en materia de asistencia social.

O Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de igualdade, constitúe o instrumento xurídico que permite desenvolver e aplicar medidas para a eliminación da discriminación entre mulleres e homes e para a promoción da igualdade.

A Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia deu unha nova redacción ao apartado 4 do artigo 67, relativo á valoración das medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, recollidas no Plan de igualdade, nos supostos de utilización dunha pluralidade de crieterios para a adxudicación dun

CVE: OpN4AWLqF7f6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

contrato. Tamén se modificou o artigo 92 relativo á flexibilizacion de xornada por motivos familiares.

A igualdade de dereitos de mulleres e homes é un pilar básico das sociedades democráticas modernas recoñecido a todos os niveis normativos.

A Comunidade Autónoma de Galicia estima necesario abordar a igualdade nun entorno actual, diferente ao tempo en que se aprobaron previas normas que regularon dita materia, profundizando nalgunhas medidas, establecendo outras novas.

II- En canto á súa estrutura formal, o anteproxecto componse de 210 artigos, distribuídos en un título preliminar e oito títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derrogatoria, e tres disposicións derradeiras.

III– Examinado o contido do anteproxecto de lei, no que atinxe ás materias competencia desta Dirección Xeral, compre realizar as seguintes indicacións.

> *Artigo 177. Fomento da composición equilibrada do persoal*
>
> *1. A Administración pública galega fomentará, a través das medidas contidas nos seguintes artigos deste capítulo, a composición equilibrada entre os sexos do persoal funcionario, eventual, interino, estatutario ou laboral ao seu servizo, tanto a nivel global coma no nivel de cada corpo, escala, grupo ou categoría.*
>
> *2. A Xunta de Galicia fomentará, en especial, o acceso das mulleres aos postos de grao superior, e, para estes efectos, as medidas contidas nos seguintes artigos deste capítulo aplicaranse tamén nas probas de promoción interna.*

Respecto do contido deste artigo, compre indicar que a indicación, de que a Administración pública galega "fomentará" medidas para unha composición equilibrada entre sexos do persoal funcionario, eventual, interion, estatutario ou laboral, estímase errónea. O mesmo hai que sinalar respecto do apartado segundo deste artigo.

En todo caso, o termo máis exacto debería ser o de "velará". Isto débese a que non se pode fomentar o que xa é unha realidade.

Segundo datos estadísticos oficiais da Xunta de Galicia, das 894 persoas que están en postos de xefatura de servizo e postos de traballo asimilados, a porcentaxe de mulleres nestes postos é superior á de homes (56% de mulleres fronte a un 44% de homes). En 5 Consellerías o porcentaxe de mulleres é superior ao 60%.

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal

CVE: OpN4AWLqF7f6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En canto ao personal pertencente ao subrgrupo A1, os datos son dun 59% de mulleres fronte a un 41% de homes. Polo tanto, parece máis correcto que se opte polo termo "velar", para que estas porcentaxes non muden, que polo de fomentar algo que xa é unha realidade.

> *Artigo 178. Informe de impacto de xénero das ofertas de emprego público*
>
> *As ofertas de emprego público esixirán a elaboración previa dun informe de impacto de xénero emitido polo órgano competente en materia de igualdade, coa finalidade de detectar situacións de desvantaxe particular. Dito informe non será vinculante.*

A exixencia de dito informe non se estima necesaria por esta Dirección Xeral polo que dito artigo non se estima preciso. As Ofertas de Emprego Público son un instrumento para racionalizar e centralizar os procesos de selección de persoal. Trátase dun Decreto no que se publican vacantes que van a ser cubertas durante un exercicio orzamentario a través de diferentes procedementos de selección de persoal. Ditos postos non aparecen vinculados de ningún xeito ao sexo do futuro ocupante.

De conformidade co exposto, e sen perxuízo das observacións indicadas, esta Dirección Xeral **informa favorablemente** o anteproxecto de Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director xeral da Función Pública
Data e hora: 08/02/2023 21:26:35

CVE: OpN4AWLqF7f6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Función Pública
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal